

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

ORDE do 29 de maio de 2017 pola que se modifica a Orde do 22 de decembro de 2015 pola que se abre o prazo para solicitar a participación para actuacións de rehabilitación de edificios e vivendas no ámbito da área de rehabilitación integral dos Camiños de Santiago, no marco do Programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016, se establecen as bases reguladoras das subvencións deste programa e se procede á súa convocatoria para o ano 2017.

O Real decreto 233/2013, do 5 de abril, polo que se regula o Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016 (en diante, Plan estatal 2013-2016) e o Decreto 18/2014, do 13 de febreiro, polo que se determinan os aspectos básicos dos programas autonómicos de rehabilitación de vivendas e se dan directrices para o desenvolvemento do Plan estatal 2013-2016, constitúen o marco normativo polo que se establecen as axudas públicas en materia de rehabilitación en Galicia.

O 27 de outubro de 2015 asinouse o acordo específico para o financiamento da área de rehabilitación integral dos Camiños de Santiago, no seo da comisión bilateral de seguimento do Plan estatal 2013-2016. Esta área de rehabilitación integral é a única área desta natureza xestionada directamente pola Comunidade Autónoma de Galicia, a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en diante, IGVS).

De acordo co artigo 13 do Decreto 18/2014, do 13 de febreiro, mediante a Orde do 22 de decembro de 2015, da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, abriuse o prazo para solicitar a participación das actuacións de rehabilitación de edificios e vivendas no ámbito da área de rehabilitación integral dos Camiños de Santiago, regulouse a participación neste programa e establecéronse as bases reguladoras das subvencións deste programa.

No *Boletín Oficial del Estado* número 298, do 10 de decembro de 2016, publicouse o Real decreto 637/2016, do 9 de decembro, polo que se prorrogou durante un ano o citado Plan estatal 2013-2016. Como consecuencia desta prórroga do Plan estatal 2013-2016, faise necesaria unha modificación na regulación dos prazos previstos na Orde do 22 de decembro de 2015, consistente na supresión da limitación temporal para a participación neste programa.



Así mesmo, con esta orde implántanse novas axudas autonómicas para financiar estas actuacións de rehabilitación, que son compatibles coas axudas contidas no Plan estatal 2013-2016.

Mediante esta orde, ademais, convócanse, en réxime de concorrencia non competitiva, as subvencións do Programa de rexeneración e renovación urbana da área de rehabilitación integral dos Camiños de Santiago para a anualidade de 2017. Esta convocatoria axústase ao disposto no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Consecuentemente con todo o anterior, e de conformidade co establecido nos artigos 11 e 13 do Decreto 18/2014, do 13 de febreiro,

ACORDO:

Artigo 1

Modificación da Orde do 22 de decembro de 2015 pola que se abre o prazo para solicitar a participación para actuacións de rehabilitación de edificios e vivendas no ámbito da área de rehabilitación integral dos Camiños de Santiago, no marco do Programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016, e se establecen as bases reguladoras das subvencións deste programa.

Modifícase a Orde do 22 de decembro de 2015 pola que se abre o prazo para solicitar a participación para actuacións de rehabilitación de edificios e vivendas no ámbito da área de rehabilitación integral (en iante, ARI) dos Camiños de Santiago, no marco do Programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016, e se establecen as bases reguladoras das subvencións deste programa, nos termos que se recollen a continuación:

Un. Introdúcese un novo número 3 no artigo 3, que queda redactado do seguinte modo:

«3. As actuacións protexibles deberán estar entre as comprendidas no catálogo de actuacións que se incorpora como anexo I a esta orde».



Dous. Elimínase o parágrafo 5 do artigo 4.

Tres. Modifícase o artigo 13, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 13. *Contía das subvencións*

1. A contía máxima das axudas determinarase atendendo ao custo subvencionable da actuación, reflectido na cualificación definitiva, que incluírá, de ser o caso, os custos desagregados da actuación de rehabilitación subvencionables.

O gasto subvencionable fixado na cualificación definitiva determinarase logo da comprobación da execución de todas as obras e da emisión do informe favorable dos servizos técnicos das áreas provinciais do IGVS, en atención ás facturas e aos documentos bancarios de pagamento que se presenten como xustificación destas.

2. As axudas contidas no Plan estatal 2013-2016 terán un importe máximo de 11.000 euros por cada vivenda obxecto de rehabilitación, sen que en ningún caso poida exceder o 35 % do custo subvencionable da actuación reflectido na cualificación definitiva.

3. As axudas autonómicas terán un importe máximo de 4.000 euros por cada vivenda obxecto de rehabilitación, sen que en ningún caso poida exceder o 10 % do custo subvencionable da actuación reflectido na cualificación definitiva».

Artigo 2

Convocatoria para o ano 2017 das subvencións para actuacións de rehabilitación de edificios e vivendas no ámbito da ARI dos Camiños de Santiago, no marco do Programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016.

Primeiro. *Obxecto*

1. Así mesmo, esta orde ten por obxecto convocar, en réxime de concorrencia non competitiva, as subvencións do programa de rexeneración e renovación urbana da ARI dos Camiños de Santiago para a anualidade de 2017 (código de procedemento VI408H).

2. Estas subvencións están destinadas a financiar actuacións de rehabilitación en edificios e vivendas situadas no ámbito da ARI dos Camiños de Santiago que contén coa correspondente resolución de cualificación definitiva outorgada polo IGVS.



Segundo. Bases reguladoras das subvencións

As subvencións deste Programa de rexeneración e renovación urbanas da ARI dos Camiños de Santiago rexeranse polas bases reguladoras aprobadas pola Orde do 22 de decembro de 2015, da Consellería de Infraestruturas e Vivenda (DOG núm. 246, do 28 de decembro), segundo a redacción dada por esta orde.

Terceiro. Crédito orzamentario

1. As subvencións contidas no Plan estatal 2013-2016 faranse efectivas con cargo á aplicación 08.80.451A.780.5 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2017, por importe de 2.151.207,31 euros. Estas achegas estarán supeditadas ao efectivo financiamento por parte do Ministerio de Fomento, no marco do Plan estatal 2013-2016, prorrogado polo Real decreto 637/2016, do 9 de decembro.

2. As subvencións autonómicas faranse efectivas con cargo á aplicación 08.80.451A.780.4 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2017, por importe de 750.000 euros.

3. As contías establecidas nesta convocatoria poderán ser obxecto de ampliación por resolución da persoa titular da Dirección Xeral do IGVS, e terán efecto logo da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido no artigo 30 do Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Cuarto. Persoas ou entidades beneficiarias

1. Poderán ser beneficiarias destas axudas as comunidades de persoas propietarias e as agrupacións de comunidades de persoas propietarias. Así mesmo, poderán ser beneficiarias as persoas físicas propietarias únicas de edificios ou de vivendas que estean en posesión da correspondente cualificación definitiva.

2. Para que as persoas físicas poidan ser beneficiarias deberán posuír a nacionalidade española ou a dalgún dos Estados membros da Unión Europea, do Espazo Económico Europeo, de Suíza ou o parentesco determinado pola normativa que sexa de aplicación. As persoas estranxeiras non comunitarias deberán ter residencia legal en España.



3. Para o caso de que a persoa beneficiaria sexa unha comunidade de propietarios/as ou agrupación de comunidades de propietarios/as, os requisitos sinalados nos números anteriores deberán cumprilos todos os seus membros.

4. Non poderán obter a condición de persoas ou de entidades beneficiarias aquelas que estean incursas nalguna das causas previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións; no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, ou a quen se lle revogase algunha das axudas contidas neste ou en anteriores plans de vivenda por causas imputables á persoa ou á entidade solicitante.

5. Para a tramitación destas solicitudes terase en conta a documentación xa presentada polas persoas ou entidades nas súas solicitudes de cualificación provisional e definitiva.

Quinto. *Contía das subvencións*

1. As axudas contidas no Plan estatal 2013-2016 terán un importe máximo de 11.000 euros por cada vivenda obxecto de rehabilitación, sen que en ningún caso poida exceder o 35 % do custe subvencionable da actuación reflectido na cualificación definitiva.

2. As axudas autonómicas terán un importe máximo de 4.000 euros por cada vivenda obxecto de rehabilitación, sen que en ningún caso poida exceder o 10 % do custo subvencionable da actuación reflectido na cualificación definitiva.

Sexto. *Prazo de presentación de solicitudes de subvención*

O prazo para a presentación de solicitudes de subvención comezará o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o 30 de novembro de 2017 e, en todo caso, no momento do esgotamento do crédito orzamentario contido nesta convocatoria, que será publicado no *Diario Oficial de Galicia* mediante resolución da persoa titular da Dirección Xeral do IGVS.

Sétimo. *Solicitudes de subvención*

1. As solicitudes de subvención realizaranse mediante a presentación do modelo que se incorpora como anexo II a esta orde, que está dispoñible tamén na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Deberán dirixirse á área provincial do IGVS onde estea situada a vivenda ou edificio.



2. As comunidades de persoas propietarias, as agrupacións de comunidades de persoas propietarias e as súas persoas representantes deberán presentar a súa solicitude electronicamente, de acordo co establecido no artigo 14.2.b) e d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. No caso de que presentasen a súa solicitude presencialmente, requiriranse para que a emenden a través da súa presentación electrónica. Nestes casos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

3. As persoas físicas deberán presentar a súa solicitude preferiblemente por vía electrónica. Tamén poderán presentala en formato papel, por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

4. Para a presentación electrónica das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

5. No modelo de solicitude realizaranse as seguintes declaracións:

a) Declaración de non ter solicitado ou obtido ningunha outra axuda para a mesma finalidade. No caso de ter solicitado ou obtido algunha outra axuda, deberá indicar cal.

b) Compromiso de comunicar calquera outra subvención que sexa solicitada ou concedida para a mesma finalidade.

c) Declaración responsable de que non se lle revogou algunha das axudas contidas neste ou en anteriores plans de vivenda, por causas imputables á persoa ou á entidade solicitante.

d) Declaración de non estar incurso/a en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

e) Declaración de estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e o artigo 9 do seu regulamento.

f) Declaración de que todos os datos da solicitude son correctos.

6. Para a tramitación das solicitudes de subvención terase en conta a documentación xa presentada polas persoas ou entidades solicitantes nas súas solicitudes de cualificación provisional e definitiva.



Oitavo. Documentación complementaria**1. Coa solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:**

a) De ser o caso, acreditación da representación da persoa que actúe no nome da persoa propietaria única do edificio.

b) Certificado da persoa que exerza as funcións de secretaría da comunidade de persoas propietarias ou da agrupación de comunidades de persoas propietarias, en que se recolla tanto o acordo de solicitar a subvención do Programa de rexeneración e renovación urbanas do ARI dos Camiños de Santiago, como o nomeamento da persoa que represente na tramitación do expediente a comunidade de persoas propietarias ou a agrupación de comunidades de persoas propietarias, conforme o modelo que se xunta a esta resolución como anexo III.

c) Anexo IV, debidamente cuberto, en que se relacionen as persoas propietarias das vivendas e locais do edificio partícipes nas actuacións de rehabilitación. Neste anexo cubriranse, de ser o caso, as declaracións de non estar incurso en ningunha das circunstancias do artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e poderase asinar a denegación expresa para que o IGVS realice a consulta dos datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

1. Documento nacional de identidade (en diante, DNI) ou número de identificación de estranxeiro (en diante, NIE) das persoas propietarias das vivendas e locais. Para o suposto de denegar expresamente a súa consulta, deberá presentar a copia do oportuno documento.

2. Certificados acreditativos das persoas propietarias das vivendas e locais de non ter débedas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (en diante, AEAT), coa Seguridade Social e/ou coa Comunidade Autónoma de Galicia. Para o suposto de denegar expresamente a súa consulta, deberase presentar a documentación correspondente.

Noveno. Forma de presentación da documentación complementaria

1. As comunidades de persoas propietarias, as agrupacións de comunidades de persoas propietarias e as súas persoas representantes deberán presentar a documentación complementaria electronicamente a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 14.2.b) e d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro. No caso



de que presentasen a documentación complementaria presencialmente, requiriranse para que a emenden a través da súa presentación electrónica. Nestes casos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

2. As persoas físicas deberán presentar a documentación complementaria preferiblemente por vía electrónica. Tamén poderán presentala en formato papel, por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

3. Para o caso de que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberanse indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se dispón del.

4. As persoas e as entidades interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, o IGVS poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o seu cotexo coa copia electrónica presentada.

5. No caso de que os documentos que se vaian presentar superen os tamaños máximos establecidos na sede electrónica ou teñan un formato non admitido, seguiranse para a súa presentación as instrucións da sede electrónica da Xunta de Galicia sinaladas no seguinte enderezo: <https://sede.xunta.gal/documentacion-de-gran-tamano>

Décimo. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

a) DNI ou NIE da persoa solicitante e, de ser o caso, da persoa representante.

b) Certificados acreditativos da persoa ou entidade solicitante de non ter débedas coa AEAT, coa Seguridade Social e/ou coa Comunidade Autónoma de Galicia.

2. No caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas ou ás entidades interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

3. Cando as persoas ou as entidades interesadas se opoñan a estas consultas, deberán facelo constar nos correspondentes cadros habilitados para tal efecto na solicitude e, ao mesmo tempo, achegar os documentos oportunos.



Décimo primeiro. *Órganos competentes para instruír e resolver o procedemento de subvención*

1. A competencia para instruír os procedementos e para a formulación da proposta de concesión da subvención correspóndelles ás áreas provinciais do IGVS onde se atope o edificio ou a vivenda obxecto da actuación de rehabilitación.

2. A resolución de concesión será ditada pola persoa titular da Dirección Xeral do IGVS.

Décimo segundo. *Requirimentos de emenda*

De conformidade co establecido nos artigos 45 e 46 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, os requirimentos de emenda poderán facerse mediante publicación no *Diario Oficial de Galicia* e producirán os mesmos efectos que a notificación individualizada. Esta publicación tamén se realizará na páxina web do IGVS.

Décimo terceiro. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados para facilitar a realización de trámites administrativos despois da presentación das solicitudes de inicio. Estes modelos presentaranse por medios electrónicos, accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia. Cando as persoas interesadas non estean obrigadas á presentación electrónica das solicitudes, tamén poderán presentalos presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo cuarto. *Resolución e recursos*

1. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución será de dous (2) meses, contados desde a data de presentación da solicitude. Transcorrido o dito prazo sen que se notifique a resolución expresa, a solicitude entenderase desestimada por silencio administrativo.

2. A resolución ditada pola persoa titular da Dirección Xeral do IGVS poderá ser impugnada en alzada ante a persoa titular da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación.



Décimo quinto. Causas de denegación

1. Serán causas de denegación da subvención o incumprimento dalgún dos requisitos exixidos nas bases reguladoras ou no resto da normativa que resulte de aplicación.

2. Así mesmo, serán denegadas aquelas solicitudes que non dispuxesen de cobertura orzamentaria no momento da súa resolución. Para estes efectos, o criterio que se utilizará para a súa tramitación será o da maior antigüidade da data de resolución da cualificación definitiva. No caso de igualdade da data de resolución da cualificación definitiva, atenderase á orde cronolóxica de entrada da solicitude completa no correspondente rexistro da área provincial do IGVS. Para tal fin, considerarase data de presentación da solicitude aquela en que esta quedase validamente presentada, por terse cuberto na forma correcta e ir acompañada da totalidade dos documentos exixidos na resolución de convocatoria.

Décimo sexto. Xustificación e pagamento das subvencións

1. A resolución da cualificación definitiva da actuación de rehabilitación terá a consideración de memoria de actuación e memoria económica, para os efectos do previsto no artigo 48 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. Para os efectos da xustificación do gasto subvencionable, aplicarase o previsto no artigo 42 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e admitirase a posibilidade establecida no seu ordinal terceiro de xustificar os pagamentos mediante recibo do provedor para gastos por importes inferiores a 1.000 euros.

3. O pagamento realizarase por transferencia bancaria na conta de titularidade da persoa ou entidade beneficiaria sinalada para o efecto no anexo II desta orde.

Décimo sétimo. Obrigas das persoas e das entidades beneficiarias

1. Ademais das recollidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, serán obrigas das persoas e das entidades beneficiarias:

a) Facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.



b) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, mentres poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

c) Subministrar ao IGVS, logo de requirimento para o efecto, de conformidade co artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no título I da citada lei.

2. As persoas e as entidades beneficiarias deberán destinar o importe íntegro da axuda ao pagamento das correspondentes actuacións. Cando se trate de comunidades de persoas propietarias e agrupacións de comunidades de persoas propietarias, esta regra resultará igualmente de aplicación, con independencia de que tanto o importe desta como o custo das obras deba repercutirse nas persoas propietarias de vivendas e locais, de conformidade coas regras previstas na lexislación de propiedade horizontal.

3. Non obstante o disposto no parágrafo anterior, cando algún dos membros da comunidade de persoas propietarias ou da agrupación de comunidades de persoas propietarias incorra nunha ou varias das prohibicións establecidas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, non se atribuirá á devandita persoa propietaria a parte proporcional que lle correspondería da axuda recibida, que se rateará entre os restantes membros da comunidade ou agrupación de comunidades de persoas propietarias.

Décimo oitavo. *Notificacións*

1. As comunidades de persoas propietarias, as agrupacións de comunidades de persoas propietarias e as súas persoas representantes están obrigadas a recibir as notificacións das resolucións e demais actos administrativos por medios electrónicos. Para estes efectos, no anexo II deberán optar pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida unha opción diferente.

2. No caso das persoas físicas, as notificacións das resolucións e demais actos administrativos practícaranse preferentemente por medios electrónicos. Non obstante, deberán manifestar expresamente, no anexo II, a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel). Sen prexuízo do anterior, poderán comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou se deixen de practicar por medios electrónicos.



As notificacións que se practiquen en papel tamén estarán á disposición da persoa interesada a través da sede electrónica da Xunta de Galicia para que poida acceder ao seu contido de forma voluntaria.

3. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia. Este sistema remitirá ás persoas e ás entidades interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude para estes efectos. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, o IGVS practicará a notificación por calquera outro medio dos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo noveno. *Datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación deste procedemento, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas e as entidades interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado «Relacións administrativas coa cidadanía e con entidades», co obxecto de xestionar o presente procedemento e de informar as persoas e as entidades interesadas sobre a súa tramitación. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral do IGVS. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante o IGVS, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Área Central, s/n, polígono das Fontiñas, 15707, Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a: rehabilitacion.igvs@xunta.gal

Vixésimo. *Transparencia e bo goberno*

1. De conformidade co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos



xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, o IGVS publicará no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial a relación das persoas e das entidades beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as sancións que, como consecuencia delas, puideren impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas e entidades beneficiarias e a referida publicidade.

2. De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

Vixésimo primeiro. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2017

Ethel María Vázquez Mourelle
Conselleira de Infraestruturas e Vivenda

ANEXO I Catálogo de actuacións protexibles

1	Obras de mantemento co fin de adecuar os edificios á normativa vixente.
1.1	Actuacións destinadas a garantir a seguridade.
1.1.1	As actuacións necesarias de reforzo, reparación ou consolidación da estrutura portante do edificio para garantir as condicións de seguridade necesarias e para evitar deformacións na estrutura que produzan danos noutros elementos da edificación.
1.1.2	As actuacións necesarias para eliminar, reparar ou substituír aqueles elementos construtivos que, polo seu estado de conservación ou polas súas características, poidan supor un risco para os usuarios do edificio ou producir danos nos edificios ou espazos contiguos.
1.1.3	As actuacións necesarias para garantir a protección dos edificios fronte ao lume e garantir a seguridade en caso de incendio. Inclúense neste punto as actuacións dirixidas a evitar a propagación do lume en caso de incendio, instalar ou reparar os sistemas de protección contra incendios e illar a estrutura do edificio para garantir a súa resistencia en caso de incendio, así como as actuacións necesarias para facilitar a evacuación do edificio en caso de incendio.
1.1.4	A execución das obras precisas para garantir a utilización do edificio en condicións de seguridade eliminando o risco de caídas, de danos por impacto, atrapamento ou aprisionamento.
1.1.5	A protección do edificio fronte á acción do raio.



1.2	Actuacións destinadas a garantir a protección fronte á auga e á humidade.	
	1.2.1	As actuacións sobre as fachadas, carpintaría exterior e cubertas das edificacións que teñan por obxecto protexer o edificio fronte á auga de chuvia.
	1.2.2	As actuacións que teñan por obxecto protexer o edificio fronte á auga proveniente do terreo.
	1.2.3	As actuacións que teñan por obxecto evitar a condensación da auga nos paramentos ou elementos construtivos da vivenda, mediante a eliminación de pontes térmicas, o establecemento de elementos ou sistemas de ventilación, o incremento do illamento térmico, a colocación de barreiras fronte ao vapor de auga, etc.
1.3	Actuacións destinadas a garantir as condicións de salubridade da vivenda.	
	1.3.1	Establecemento de sistemas de ventilación, activa ou pasiva, que garantan a calidade do ar exterior.
	1.3.2	Execución de medidas para evitar a entrada no edificio do gas radon ou adopción de medidas para garantir a súa eliminación do interior das vivendas.
	1.3.3	Actuacións de reparación ou dotación das instalacións axeitadas de subministración de auga.
	1.3.4	Actuacións de reparación ou dotación das instalacións axeitadas de evacuación de augas residuais.
1.4	Actuacións destinadas a adecuar, total ou parcialmente, á normativa vixente as instalacións dos edificios e vivendas. Estas actuacións inclúen as de reparación, actualización, mellora ou substitución das instalacións indicadas a continuación, co fin de garantir as súas adecuadas prestacións ou adaptalas total ou parcialmente á normativa específica de aplicación:	
	1.4.1	Instalacións de abastecemento de auga.
	1.4.2	Instalacións de evacuación de augas residuais.
	1.4.3	Instalacións de electricidade.
	1.4.4	Instalacións de infraestruturas comúns de telecomunicacións.
	1.4.5	Instalacións de ascensores.
	1.4.6	Instalacións de auga quente sanitaria.
	1.4.7	Instalacións térmicas dos edificios.
	1.4.8	Instalacións de subministración e almacenamento de combustibles.
1.5	Actuacións destinadas a garantir que as edificacións cumpran as condicións de ornato público, adecuación ao contorno e de protección do patrimonio cultural ou paisaxístico.	
	1.5.1	Obras destinadas á reparación ou adecuación das edificacións para garantir o ornato público exigible.
	1.5.2	O remate de fachadas con materiais axeitados ao contorno cando aquelas teñan á vista elementos concibidos para seren revestidos.
	1.5.3	A eliminación e substitución de materiais, elementos ou sistemas construtivos das edificacións que non resulten congruentes co seu contorno.
	1.5.4	As obras de reparación, rehabilitación e/ou conservación de fachadas, carpintaría exterior ou cuberta das edificacións mediante o emprego de materiais que polas súas características e cores resulten acordes cos das edificacións tradicionais do contorno e coa paisaxe en que se encontren.
	1.5.5	En xeral, todas aquelas destinadas a garantir a harmonización das edificacións coas edificacións tradicionais ou históricas do seu contorno e co medio natural onde se encontren.
	1.5.6	As actuacións que teñan por obxecto adecuar os edificios ás exixencias derivadas da normativa sobre protección do patrimonio cultural ou paisaxístico.




2	Obras para a mellora da eficiencia enerxética do edificio e vivenda.	
	2.1	Actuacións destinadas a reducir a demanda enerxética dos edificios e vivendas e reducir a emisión de gases de efecto invernadoiro.
	2.1.1	A execución de obras destinadas a reducir a demanda enerxética da vivenda, mediante o incremento do illamento térmico, a colocación de dobre carpintaría ou substitución da existente por outra de maiores prestacións térmicas ou calquera outra medida que teña por obxecto a redución da demanda enerxética.
	2.1.2	As obras ou actuacións destinadas a mellorar o rendemento das instalacións térmicas dos edificios e vivendas.
	2.1.3	A substitución dos sistemas de produción de enerxía térmica por outros que impliquen unha menor emisión de gases de efecto invernadoiro ou que utilicen enerxías renovables.
	2.1.4	A colocación, reparación ou mellora dos sistemas de captación da enerxía solar para produción de auga quente sanitaria.
	2.1.5	As actuacións tendentes a mellorar a eficiencia enerxética das instalacións de iluminación.
3	Obras para mellorar as condicións de accesibilidade aos edificios e os accesos ás vivendas e locais e a súa adaptación á normativa enerxética.	
	3.1	Actuacións destinadas a garantir a accesibilidade dos edificios e vivendas e a súa correcta utilización por persoas con limitacións sensoriais ou motrices. Considéranse protexibles as seguintes actuacións cando teñan por obxecto garantir a accesibilidade aos edificios e vivendas ou facilitar a súa utilización por persoas con limitacións sensoriais ou motrices:
	3.1.1	A eliminación das barreiras arquitectónicas que poidan supor un atranco para a súa utilización.
	3.1.2	A execución de obras ou instalacións, así como a súa adecuación para a utilización por estas persoas.
	3.1.3	A instalación de mobiliario de cociña adaptado.
	3.1.4	A execución de baños e aseos ou a adaptación destes ou dos seus elementos.
	3.1.5	A adecuación dos espazos da vivenda co obxecto de permitir ou facilitar a súa correcta utilización.
	3.1.6	A adición e o acondicionamento á vivenda de espazos que tivesen un uso distinto ao de vivenda cando aquela non reunise os requisitos de accesibilidade precisos.




XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE
 INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

ANEXO II

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS DO PROGRAMA DE REXENERACIÓ E RENOVACIÓ URBANAS NO ÁMBITO DA ARI DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO		CÓDIGO DO PROCEDEMENTO VI408H	DOCUMENTO SOLICITUDE
DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
<input type="text"/>		<input type="text"/>	<input type="text"/>
TIPO DE VÍA		NOME DA VÍA	NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA
<input type="text"/>		<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA		LUGAR	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
TELÉFONO	FAX	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
E NA SÚA REPRESENTACIÓ (deberá acreditarse a representacIón fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME		PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
<input type="text"/>		<input type="text"/>	<input type="text"/>
DATOS PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓ			
Notifíquese a: <input type="radio"/> Persoa solicitante <input type="radio"/> Persoa representante			
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificacIón ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:			
TELÉFONO MÓBIL		CORREO ELECTRÓNICO	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
ELECCIÓ DO MEDIO DE NOTIFICACIÓ PREFERENTE			
As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificacIón por medios electrónicos sen que sexa válida para elas nin produza efectos unha opción diferente.			
<input type="radio"/> Electrónica a través do Sistema de notificacIón electrónica de Galicia Notifica.gal (https://notifica.xunta.gal). Só se poderá acceder á notificacIón co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.			
<input type="radio"/> Postal (cúbrese o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente)			
As notificacIóns que se practiquen en papel estarán tamén á disposición da persoa indicada anteriormente no Sistema de notificacIón electrónica de Galicia Notifica.gal, para que poida acceder ao seu contido de forma voluntaria.			
TIPO DE VÍA		NOME DA VÍA	NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA
<input type="text"/>		<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA		LUGAR	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
DATOS BANCARIOS			
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.			
TITULAR DA CONTA		NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)	
<input type="text"/>		IBAN <input type="text"/>	
DATOS DA VIVENDA OU EDIFICIO REHABILITADO			
NOME DA PROMOCIÓ			
<input type="text"/>			
TIPO DE VÍA		NOME DA VÍA	NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA
<input type="text"/>		<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA		LUGAR	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
NÚMERO DE EXPEDIENTE DA CUALIFICACIÓ		DATA DA CUALIFICACIÓ DEFINITIVA	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	


SEDE ELECTRÓNICA Este formulario tamén pode presentarse electronicamente na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>

CVE-DOG: 3eknij2-ntt1-f2a6-ifr4-agzj7n7397e8


XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE
 INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

ANEXO II
 (continuación)

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención.
 Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ADMINISTRACIÓN PÚBLICA/ORGANISMO/ENTE OU ENTIDADE	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

2. Que non se lle revogou algunha das axudas contidas neste ou en anteriores plans de vivenda, por causas imputables a esta persoa solicitante.
 3. Non estar incurso/a en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 4. Non estar incurso/a en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
 5. Estar ao día no pagamento das obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
 6. Que todos os datos da solicitude son correctos

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- Acreditación da representación da persoa que actúe en nome dunha persoa física propietaria única do edificio ou vivenda.
 Certificado da persoa que exerza as funcións de secretaria da comunidade de persoas propietarias ou da agrupación de comunidades de persoas propietarias, conforme o anexo III.
 Relación das persoas propietarias das vivendas e locais do edificio partícipes nas actuacións de rehabilitación, conforme o anexo IV.

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

	OPÓNOME Á CONSULTA
<input checked="" type="checkbox"/> DNI ou NIE da persoa solicitante propietaria única do edificio ou vivenda.	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> DNI ou NIE da persoa representante.	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Certificado acreditativo do cumprimento de obrigas tributarias coa AEAT.	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Certificado acreditativo do cumprimento de obrigas coa Seguridade Social.	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Certificado acreditativo do cumprimento de obrigas coa Comunidade Autónoma de Galicia.	<input type="checkbox"/>

 En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral do IGVS, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a rehabilitacion.igvs@xunta.gal
LEXISLACIÓN APLICABLE


Orde do 22 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións para actuacións de rehabilitación de edificios e vivendas no ámbito da área de rehabilitación integral dos Camiños de Santiago, no marco do programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016.

Orde do 29 de maio de 2017 pola que se modifica a Orde do 22 de decembro de 2015 pola que se abre o prazo para solicitar a participación para actuacións de rehabilitación de edificios e vivendas no ámbito da área de rehabilitación integral dos Camiños de Santiago, no marco do Programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016, se establecen as bases reguladoras das subvencións deste programa e se procede á súa convocatoria para o ano 2017.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de


 Xefatura da Área Provincial do Instituto Galego da Vivenda e Solo de
 SEDE ELECTRÓNICA Este formulario tamén pode presentarse electronicamente na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>

CVE-DOG: 3eknij2-ntt1-f2a6-ifr4-agzj7n7397e8


XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

ANEXO III

CERTIFICADO DA COMUNIDADE DE PERSOAS PROPIETARIAS OU AGRUPACIÓN DE CC.PP.

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

NOME DA ENTIDADE SOLICITANTE

NIF

PRESIDENTE/A DA COMUNIDADE DE PERSOAS PROPIETARIAS OU AGRUPACIÓN DE CC.PP.

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

SECRETARIO/A DA COMUNIDADE DE PERSOAS PROPIETARIAS OU AGRUPACIÓN DE CC.PP.

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

CERTIFICA QUE:

Na reunión do día __ de _____ de 201__, a xunta de persoas propietarias adoptou, pola maioría exixida pola lexislación vixente, os seguintes acordos:

1º. Solicitar a concesión da subvención do Plan estatal 2013-2016 para as actuacións de rehabilitación de edificio ou vivenda situado no ámbito ARI dos Camiños de Santiago.

2º. Delegar a súa representación en _____, con NIF _____.

SINATURA DO/DA SECRETARIO/A

VISTO E PRACE

SINATURA DO/DA PRESIDENTE/A

Lugar e data

,

de

de

galicia





ANEXO IV

RELACIÓN DE PERSOAS PROPIETARIAS DUNHA VIVENDA OU LOCAL

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

NOME DA ENTIDADE SOLICITANTE NIF

E NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

Nota: no caso de agrupacións de CC.PP. presentarse este anexo por cada comunidade de persoas propietarias

EDIFICIO

COMUNIDADE DE PERSOAS PROPIETARIAS/AGRUPACIÓN DE CC.PP. NIF

COMPROBACIÓN DE DATOS

As persoas abaixo asinantes, propietarias das vivendas e locais do edificio participes nas actuacións de rehabilitación, DECLARAMOS non estar incursos/as en ningunha das causas previstas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de persoa beneficiaria de axudas. Os documentos relacionados serán obxecto de consulta electrónica automatizada. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar os seguintes documentos:

Persoas propietarias das vivendas e locais do edificio participes nas obras (segundo o indicado no acordo da comunidade de persoas propietarias)

VIVENDA/ LOCAL Poñer V ou L	SITUACIÓN		NIF	NOME E APELIDOS	DNI OU NIE	CERTIFICADO DE NON TER DÉBEDAS COA AEAT	CERTIFICADO DE NON TER DÉBEDAS COA SEGURIDADE SOCIAL	CERTIFICADO DE NON TER DÉBEDAS COA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA	SIGNATURA
	ANDAR	LETRA			OPÓÑOME Á CONSULTA	OPÓÑOME Á CONSULTA	OPÓÑOME Á CONSULTA	OPÓÑOME Á CONSULTA	
					<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
					<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
					<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	



ANEXO IV
(continuación)

Persoas propietarias das vivendas e locais do edificio partícipes nas obras (segundo o indicado no acordo da comunidade de persoas propietarias) (continuación)

VIVENDA/ LOCAL Poñer V ou L	SITUACIÓN		NIF	NOME E APELIDOS	DNI OU NIE	CERTIFICADO DE NON TER DÉBEDAS COA AEAT	CERTIFICADO DE NON TER DÉBEDAS COA SEGURIDADE SOCIAL	CERTIFICADO DE NON TER DÉBEDAS COA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA	SINATURA
	ANDAR	LETRA			OPÓÑOME Á CONSULTA	OPÓÑOME Á CONSULTA	OPÓÑOME Á CONSULTA	OPÓÑOME Á CONSULTA	
					<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
					<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
					<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
					<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
					<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
					<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
					<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
					<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	

De non ser suficiente o espazo previsto no cadro anterior deberanse cubrir e enviar tantos anexos como sexan necesarios.

Para o caso de máis dunha persoa titular e/ou partícipe para cada vivenda ou local, deberán figurar todos e cada un deles.

As persoas interesadas, mediante a súa sinatura, aceptan a incorporación dos seus datos persoais ao expediente en tramitación.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmaselle de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral do IGVS, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a rehabilitación.igvs@xunta.gal

SINATURA DA PERSOA PROPIETARIA OU REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de

